

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA
MONTAXE E

DESMONTAXE
DE ESCENARIOS



RISCO DE EXPOSICIÓN A RUÍDO EN
EVENTOS E ESPECTÁCULOS

XUNTA DE GALICIA

► RISCO DE EXPOSICIÓN A RUÍDO EN EVENTOS E ESPECTÁCULOS

O ruído é unha forma de enerxía que pode danar a nosa saúde. A capacidade de danala está relacionada coa cantidade de enerxía que recibimos ou **dose de ruído**. A dose de ruído depende tanto do nivel de ruído (decibelios) como do tempo que estamos expostos, nada ten que ver coa súa procedencia.

Ademáis de **xordeira**, o ruído pode ocasionar outros efectos nocivos como acúfenos, interferencia na comunicación falada e na percepción dos sinais de alarma, diminución no rendemento laboral, molestias e outros efectos extrauditivos.

A nosa lexislación laboral ten en conta a **dose de ruído diaria**: $L_{Aeq,d}$ expresada en decibelios A -dB(A)-. Considérase que 80 dB(A) durante 8 horas de exposición diaria: $L_{Aeq,d} = 80 \text{ dB(A)}$ é o umbral de risco para a perda de audición. A mesma dose pódese acadar en só 3 min con 102 dB(A). Os niveis moi elevados de ruído en períodos moi curtos de tempo tamén poden provocar danos auditivos. A lexislación laboral ten en conta o **nivel de pico** (L_{pico}) acadado expresados en decibelios C -dB(C)-.

Neste tríptico alertamos sobre o risco de exposición ao ruído en eventos e espectáculos en diferentes momentos e sobre a maneira de reducir o risco.

► LEMBRA

- É posible reducir á exposición ao ruído das persoas que traballan nos sectores da música e do lecer.
- O control da exposición pódese conseguir mediante a aplicación de medidas técnicas, organizativas ou de protección individual.
- A protección auditiva débese utilizar cando sexa necesaria unha protección suplementaria á conseguida co resto de métodos de control do ruído.
- Recoméndase que os músicos utilicen "protectores lineais" que proporcionan unha atenuación uniforme nun amplo rango de frecuencias, conservando así a calidade do son.



▶ FASES / NIVEIS DE EXPOSICIÓN

MONTAXE / DESMONTAXE:

recinto / materiais / maquinaria /
ferramentas / operarios.

80-85 dB(A)



PROBA DE SON:

recinto / equipos / instrumentos
/ técnicos de son / músicos.

90-100 dB(A)



DIRECTO:


recinto / equipos / instrumentos /
músicos / técnicos de son /
público / camareiros / persoal de
control de acceso / de seguridade
/ de mantemento / de limpeza.

98-120 dB(A)



▶ COMPARACIÓN NIVEIS INDUSTRIAIS E DE LECER

A igualdade de exposición igualdade de danos auditivos



▶ TEMPO NECESARIO PARA ACADAR O VALOR LÍMITE*

$$L_{Aeq,d} = 87 \text{ dB(A)}$$

Nivel de ruído medio existente en dB(A)	Tempo de exposición
87	8 horas
89	5 horas
90	4 horas
92	2 ½ horas
93	2 horas
96	1 horas
99	½ hora
102	¼ hora

Nivel de ruído medio existente en dB(A)	Tempo de exposición
105	7 ½ minutos
109	3 minutos
112	1 ½ minutos
114	1 minuto
117	½ minuto
120	15 segundos
125	5 segundos
130	1 segundo

* A lexislación laboral establece como norma xeral que non se pode superar o $L_{Aeq,d}$ de 87 dB(A) tendo en conta a atenuación que proporcionan os protectores auditivos

▶ PROTECCIÓN AUDITIVA

A partir dun nivel promedio diario de 85 dB(A) ou dun nivel de pico de 137 dB(C) é obrigatorio utilizar protección auditiva.

Recoméndase que os músicos utilicen “protectores lineais” que proporcionan unha atenuación uniforme nun amplo rango de frecuencias, conservando así a calidade do son. Os tapóns premodelados poden proporcionar unha atenuación moderada e relativamente uniforme, pero se se quere que a atenuación sexa o máis “plana” posible deberase recorrer a tapóns a medida.



► CADRO RESUMO DAS MEDIDAS PREVENTIVAS QUE HAI QUE ADOPTAR DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO RD 286/2006, EN FUNCIÓN DA EXPOSICIÓN AO RUÍDO

ACCIÓN PREVENTIVA	Nivel Diario Equivalente ($L_{Aeq,d}$) e/ou Nivel de Pico (L_{pico})		
	$80 < L_{Aeq,d} \leq 85$ ou $135 < L_{pico} \leq 137$	$85 < L_{Aeq,d} \leq 87$ ou $137 < L_{pico} \leq 140$	$87 < L_{Aeq,d}$ ou $140 < L_{pico}$
Información e formación dos traballadores e/ou os seus representantes	Si ⁽¹⁾	Si	Si
Avaliación da exposición ao ruído	Cada 3 anos ⁽²⁾	Anual	Anual
Protectores auditivos individuais	Poñer a disposición de todo o persoal exposto	Uso obrigatorio para todo o persoal exposto ⁽³⁾	Uso obrigatorio para todo o persoal exposto
Sinalización das zonas de exposición		Si (restrinxir o acceso se é viable)	Si (restrinxir o acceso se é viable)
Control médico auditivo	Si (se existe risco para a saúde; mínimo cada 5 anos)	Si (mínimo cada 3 anos)	Si
Programa técnico/organizativo para reducir a exposición ao ruído		Si	Si
Redución inmediata da exposición ao ruído e actuación para evitar novas sobreexposicións			Si (informar os delegados de prevención)

⁽¹⁾ Se informará e formará os traballadores cando $L_{Aeq,d} > 80$ dB(A) e/ou $L_{pico} > 135$ dB(C)

⁽²⁾ Avaliarase a exposición ao ruído cada 3 anos se $L_{Aeq,d} > 80$ dB(A)

⁽³⁾ Utilizaranse protectores auditivos cando $L_{Aeq,d} > 85$ dB(A) e/ou $L_{pico} > 137$ dB(C)

► CONCLUSIÓN

A música pode provocar niveis de ruído comparables aos doutras actividades laborais claramente asociadas con este risco.

A exposición a niveis importantes durante longos períodos de ensaio e actuacións coloca en situación de risco de perda de audición permanente a músicos, tanto profesionais como estudantes, técnicos de son, operarios de montaxe, bailaríns, público, camareiros, persoal de control de acceso, de seguridade, de mantemento ou de limpeza.

Se a perda de audición ten consecuencias importantes para calquera persoa, para os músicos supón ademais a perda dunha ferramenta básica para o seu traballo.

É necesaria a concienciación de todos eles, sendo receptivos a cambios, experimentación coa distribución, dispoñibilidade de probas audiométricas, suxestións e distribucións de tapóns, investimento en pantallas e paneis acústicos, organización de sesións de formación particulares, contribucións de expertos, ...



ISSGA

INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



galicia



ISSGA.XUNTA.GAL



XUNTA
DE GALICIA